



Estimados cooperativistas,

Co obxecto de informar e invitarvos a esta nova acción de impulso das relacións institucionais das cooperativas e de mellora da comercialización dos seus produtos e servizos, o Consello Galego de Cooperativas participará no **15º Salón Internacional de Gastronomía e Turismo (Xantar)**, que terá lugar do 5 ó 9 de febreiro de 2014 en Ourense.

Neste Salón, está prevista a presenza do Consello Galego de Cooperativas cun stand institucional. Como axuda á vosa posible participación, haberá no stand unha zona de exposición con espazos individuais, onde os cooperativistas poderán ofrecer os seus produtos e servizos, así como un mostrador/punto de información atendido por unha persoa da organización onde se recollerán todas as peticións e solicitudes de información. Contaremos cun apartado adicado á "Rede Eusumo", concentrado especialmente no apoio á creación de emprego e ao impulso dos servizos de información e asesoramento.


O día 7 dentro do Salón, de manifestar interese os cooperativistas, poderíase ofrecer unha degustación de produtos cooperativos coa intención de realizar accións promocionais individualizadas por parte daquelas cooperativas que nolo soliciten.

Se estades interesados en participar, pregamos vos poñades en contacto coa organización a través do teléfono 646134647 ou do correo eventos@eusumo.coop antes do día 9 de xaneiro.

Dende a Dirección Xeral de Traballo e Economía Social da Consellería de Traballo e Benestar, poremos os medios que, segundo o voso interese, se consideren necesarios para unha promoción dos produtos e servizos cooperativos adaptada ó citado evento.

Sen outro particular, recibide un cordial saúdo,




Odilo Martiñá Rodríguez
Director Xeral de Traballo e Economía Social